

Curso académico: 2025/26

201901 - Informática para a Creación de Web e Vídeo

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201901

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Obrigatoria

Curso: 2

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Iria María Santos López

Profesorado: Iria María Santos López

1. Descrición xeral

O obxectivo da materia é coñecer tanto os fundamentos como as ferramentas necesarias asociadas a dous aspectos moi importantes hoxe en día en numerosos proxectos audiovisuais: a creación web e o manexo de información multimedia. Dende un punto de vista práctico, o obxectivo principal desta materia é dar a coñecer ao alumnado a existencia de ferramentas que facilitan o deseño e permiten a optimización do material a publicar, sen esquecer os aspectos teóricos e de fundamentos.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- [A02] Crear produtos audiovisuais.
- [A07] Coñecer as técnicas de creación e produción audiovisual.
- [A08] Coñecer a tecnoloxía audiovisual.
- [B08] Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- [C02] Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- [C03] Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- [C04] Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comunicar contidos mediante web	A2	B8	
Deseñar materiais e contidos multimedia para publicación en web	A7	B8	C2 C3 C4
Investigar e analizar a necesidades nun desenvolvemento multimedia así como xestionar os proxectos	A8		C2 C4
Xestionar a creación dos contidos en función da contorna e obxectivo	A7		

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	Sitios Web: Características e evolución: web 1.0, 2.0, ... Análise e planificación dun sitio web. Mapas de navegación. Estrutura e guía de estilo. Usabilidade e accesibilidade.	A08, C02, C03.	MAG00, MAG21, MAG39, MAG42.	SEG21, SEG31, SEG42.
Tema	HTML5: Introdución ás linguaxes de marcado. Etiquetas básicas de composición de texto. Atributos da páxina. Vídeos, imaxes, ligazóns e interactividade. Etiquetas para a creación de listas e táboas. Formularios.	A02, A07, B08, C02.	MAG00, MAG21, MAG39, MAG42.	SEG21, SEG31, SEG42.
Tema	Ferramentas de creación de sitios web: Ambiente de traballo. Inserción de etiquetas básicas. Composición. Follas de estilo. Adaptación a diferentes dispositivos.	A07, A08, B08, C02, C03.	MAG00, MAG21, MAG39, MAG42.	SEG21, SEG31, SEG42.
Tema	Publicación e xestión de sitios web: Aloxamento CMS. Posicionamento en buscadores (SEO). Analítica web.	A07, C02, C04.	MAG00, MAG39.	SEG31.

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	Supervisión e soporte dos traballos dos laboratorios de creación audiovisual e multimedia (prácticas de laboratorio e traballos	10,00	0,00	0,00	

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
	tutelados), tanto presencialmente como a través de Teams e correo electrónico.				
Prácticas de laboratorio [MAG21]	Pequenas prácticas para comprender o desenrolo/creación de páxinas web.	23,00	0,00	40,00	A02, A07, A08, B08, C02, C03, C04.
Sesión maxistral [MAG39]	Presentación dos temas máis teóricos da asignatura e explicación dos conceptos necesarios para a realización posterior das prácticas.	21,00	0,00	10,00	A07, C03.
Traballos tutelados [MAG42]	Proxectos propostos relacionados coas técnicas empregadas nas prácticas de laboratorio e coas sesións maxistrais da materia.	6,00	0,00	40,00	A02, A07, A08, B08, C02, C03, C04.
Suma de horas por tipo		60,00	0,00	90,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Prácticas de laboratorio [SEG21]	Prácticas individuais onde os alumnos exercita os coñecementos aprendidos durante a asignatura.	20,00	A02, A07, A08, B08, C02, C03, C04.
Proba obxectiva [SEG31]	Proba relacionada cos coñecementos teóricos da materia.	50,00	C03.
Traballos tutelados [SEG42]	Creación dunha web en parellas: na memoria debe aparecer o traballo de ambos membros do grupo deixando constancia da participación e mostra de aprendizaxe de ambas persoas en todas as etapas de realización. Inclúe presentación oral final.	30,00	A02, A08, B08, C02, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

É imprescindible acadar unha nota mínima de 4 sobre 10 no traballo tutelado e na proba obxectiva para aprobar a materia. Se o traballo tutelado ou algunha práctica de laboratorio non se entregan no tempo e forma estipulados suporá unha calificación de "Non Presentado" (NP). Todas as tarefas deberán ser entregadas a través do Campus Virtual.

As faltas de ortografía e gramática teranse en conta na calificación. Un traballo con faltas de ortografía non se considerará aceptable e se calificará cun suspenso.

Realizarase unha presentación oral final (obrigatoria como parte do traballo tutelado). Todos os alumnos que se presenten a dita convocatoria deberán asistir á duración completa, chegando antes do comezo da mesma e asistindo a todas as presentacións de dita convocatoria.

A mala presentación dos traballos e prácticas (documentos mal estruturados, índices erróneos, fontes de texto de tamaño aleatorio, textos cortados, imaxes pouco lexibles, mala redacción, carencia de maquetación, diferenza no formato das páxinas, nomes de arquivos que inclúan espazos ou caracteres especiais, etc.) afectará negativamente á calificación dos mesmos ata o punto de poder ser calificados cun suspenso.

Tan só se gardarán as notas das distintas partes se son superiores a 5 (un máximo dun ano sempre e cando a materia non se actualice e as actividades a realizar sexan distintas; caso no que non se gardarán as actividades nas que houbera modificación das condicións).

5.2. Segunda oportunidade

As notas das distintas partes superiores a 5 conservaranse para a segunda convocatoria.

A proba obxectiva de recuperación realizarase no día e hora asignado no calendario oficial de exames.

As prácticas e o traballo tutelado serán entregadas a través do Campus Virtual. A presentación oral do traballo tutelado na segunda convocatoria non será presencial, senón que se entregará co resto de traballo como vídeo adxunto.

No caso das prácticas de laboratorio, poderá escollerse entre dúas opcións:

- Entrega das prácticas suspensas e non presentadas.
- Realización dunha nova pequena práctica resumo do curso que compute o 20% correspondente.

5.3. Oportunidade adiantada

De precisar oportunidade adiantada, poñerse en contacto coa docente vía correo electrónico.

5.4. Dispensa académica

Todas as actividades da materia son susceptibles de dispensa académica excepto a proba obxectiva, que será en todo caso presencial na data e hora do calendario oficial de exames:

- Atención personalizada: poderá levarse a cabo de forma *online* a través de Teams e por medio de correo electrónico.
- Prácticas de laboratorio: os prazos de entrega serán os mesmos, xa que o modo de envío é vía Campus Virtual.
- Presentación oral: na primeira oportunidade será presencial no horario establecido, máis na segunda oportunidade levarase a cabo a través de envío de vídeo da presentación xunto co resto de contidos a través do Campus Virtual.
- Sesión maxistral: todos os contidos da materia serán publicados no Campus Virtual por medio de PDFs do temario, así como ligazóns a contidos externos de utilidade. De requirilo, poderá pedirse atención personalizada extra para consultar dúbidas ao respecto.
- Traballos tutelados: poderán levarse a cabo de xeito individual e presentarse, como o resto de traballos, en tempo e forma a través do Campus Virtual.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Gauchat, Juan Diego (2017). El gran libro de HTML5, CSS3 y Javascript. Marcombo, 3ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Mathis, Lukas (2011). Designed for use : create usable interfaces for applications and the web. Pragmatic Bookshelf. Libro. [\[URL\]](#)
- Murphy, Christopher., Persson, Nicklas (2010). HTML y CSS. Anaya Multimedia. Libro. [\[URL\]](#)
- Peña de San Antonio, Óscar (2010). Manual imprescindible de CSS. Anaya Multimedia. Libro. [\[URL\]](#)
- Prat, Marie (2016). Posicionamiento web Estrategias de SEO : Google y otros buscadores. ENI, 4ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Salmond, Michael., Ambrose, Gavin. (2014). Los fundamentos del diseño interactivo. Blume. Libro. [\[URL\]](#)
- Sawyer McFarland, David (2010). CSS. Anaya Multimedia. Libro. [\[URL\]](#)
- Villa Casal, Juan Pablo., Caperán Vega, José Ángel (2010). Manual de coaching : (guía práctica) : coaching ejecutivo, cómo se hace, herramientas de evaluación y desarrollo, ejercicios prácticos. Profit. Libro. [\[URL\]](#)
- Wiedemann, Julius., ed. lit. (2007). Web design : studios 2. Taschen. Libro. [\[URL\]](#)
- Wiedemann, Julius., ed. lit. (2008). Web design : interactive & games. Taschen. Libro. [\[URL\]](#)

7. Recomendacións

Farase uso de ordenador co emprego do bloc de notas ou *softwares* como Brackets ou Visual Studio Code.

Todas as ferramentas necesarias estarán dispoñibles para o seu uso no laboratorio da Facultade, pero se poderá utilizar o propio de preferilo, sempre e cando se conte co espazo no disco duro necesario para a realización das actividades solicitadas.

Materias que se recomenda ter cursado previamente:

- Comunicación oral e escrita/616G01001
- Fundamentos tecnolóxicos dos medios audiovisuais/616G01003
- Expresión gráfica/616G01004
- Informática audiovisual/616G01008

Materias que se recomenda cursar previa ou simultaneamente:

- Deseño aplicado/616G01015
- Audio/616G01016

Materias que continúan o temario:

- Ferramentas de creación multimedia/616G01027
- Ferramentas web avanzadas/616G01036
- Obradoiro de creación multimedia/616G01038

Observacións:

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

- Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático
- Realizaranse a través do Campus Virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

2. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais

4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

5. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade

6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas

7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

Recomendase ao alumnado, para un aproveitamento óptimo da materia, un seguemento activo das clases así como participar nas distintas actividades e o uso da atención personalizada para a resolución das dúbidas ou cuestións que lle podan xurdir.